



**DON DAVID VEIGA SIERRA, SECRETARIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MIÑO,
CERTIFICO:**

Que o Pleno municipal, na sesión extraordinaria do 26.05.2026, adoptou o seguinte acordo:

<<5. APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE CAMIÑOS

Expte. núm. 2026/G006/000069

Dáse conta da proposta da Alcaldía, que di así:

“O Concello dispón dun Inventario municipal de bens, no que deben figurar todos os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, incluídos os bens de dominio público e, en particular, os camiños públicos municipais.

Púxose de manifesto a conveniencia de proceder á rectificación do devandito Inventario respecto dos camiños públicos municipais, ben pola existencia de camiños omitidos, ben pola necesidade de corrixir datos de identificación, trazado, lonxitude, largura, denominación, límites ou documentación gráfica, ou ben pola actualización xeral das fichas existentes.

Para tal efecto incorporouse ao expediente unha memoria ou informe técnico que identifica individualizadamente os camiños afectados, a súa natureza, trazado, características físicas e documentación gráfica ou xeorreferenciada, así como a proposta concreta de alta, baixa ou modificación que proceda.

O día 18.05.2026 o secretario municipal emitiu un informe favorable.

Á vista dos antecedentes e fundamentos expostos anteriormente, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire o ordenamento xurídico, **proponlle ao Pleno**, logo do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO. Aprobar a rectificación do Inventario de camiños da Corporación, cuxos datos pormenorizados de cada camiño son os recollidos no expediente,.

SEGUNDO. Que pola Secretaría da Corporación se proceda a formalizar a rectificación do Libro do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, ao abeiro das regras previstas nos artigos 17 e seguintes do Regulamento de bens da entidades locais.

TERCEIRO. Que se remita o presente acordo, xunto cunha copia da rectificación do Inventario aprobado, á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do preceptuado no artigo 32.1 do Regulamento de bens das entidades locais.”

Logo de ver que este asunto foi ditaminado favorablemente por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras integrantes da Comisión Informativa de Asuntos Xerais na sesión do 21.05.2026 (7 votos a favor do PSOE e 5 abstencións do PP e do Grupo Mixto-BNG, sendo 13 o número legal de membros da comisión).

Deseguido comeza no Pleno a rolda de intervencións, que se recolle na acta multimedia.

A continuación sométese a proposta da Alcaldía a votación e obtén o seguinte resultado: 9 votos a favor do PSOE e do Grupo Mixto-BNG e 4 abstencións do PP, polo que o **Pleno do Concello** por maioría absoluta do número legal de membros, **adopta o seguinte acordo:**



Concello de Miño

PRIMEIRO. Aprobar a rectificación do Inventario de camiños da Corporación, cuxos datos pormenorizados de cada camiño son os recollidos no expediente.

SEGUNDO. Que pola Secretaría da Corporación se proceda a formalizar a rectificación do Libro do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, ao abeiro das regras previstas nos artigos 17 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais.

TERCEIRO. Que se remita o presente acordo, xunto cunha copia da rectificación do Inventario aprobado, á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do preceptuado no artigo 32.1 do Regulamento de bens das entidades locais.>>

Para que conste, asino esta certificación ao abeiro e coas excepcións previstas no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a resultados do texto definitivo da acta; na data da sinatura dixital.

Visto e praxe

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo